

# CONCURSO

*Fotografa os teus recursos  
mineiros e enerxéticos*

*Enfocar\_Rme 2021*

Decembro

1.º premio: diploma + cheque 300 €

2.º premio: diploma + cheque 150 €



Desenho: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Fotografía: Pexels, Jeremy Bishop

Envía as túas fotografías ata  
o 22 de novembro de 2021

Máis información:  
[minaseenerxía.uvigo.es](http://minaseenerxía.uvigo.es)



# CONCURSO

Fotografa os teus recursos  
mineiros e enerxéticos

Enfocar\_Rme 2021  
Decembro

1.º premio: diploma + cheque 300 €  
2.º premio: diploma + cheque 150 €



Envía as túas fotografías ata  
o 22 de novembro de 2021  
Máis información:  
[minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)

Universidade de Vigo

## Enfocar\_Rme 2021

As saídas profesionais do/as noso/as titulado/as son: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rocas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc...

## Bases de participación

- 1.º A temática do concurso de fotografía Enfoca\_Rme 2021 son os recursos mineiros e enerxéticos: **xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e de rocas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos** etc.
- 2.º Admítese traballos tanto en **branco e negro** coma en **cor** realizados mediante calquera técnica fotográfica.
- 3.º Admitiranse un máximo de tres **obras orixinais** por autor/a, aínda que soamente unha delas poderá ser premiada.
- 4.º As fotografías enviaranse en formato dixital.
- 5.º Cada fotografía terá o título da obra como nome do arquivo.
- 6.º Cada fotografía enviarase ao enderezo electrónico **eme@uvigo.gal** acompañada do **formulario de inscrición**, descargable na sección do concurso na web da EME ([minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)).
- 7.º A data límite de recepción de fotos será o **22 de novembro de 2021**, ás **20.00** horas. Calquera fotografía recibida despois desta data non poderá participar neste concurso.
- 8.º As fotografías gañadoras imprimiranse e expoñeranse temporalmente no vestíbulo da EME xunto coas do resto de participantes. No caso de existir un número de fotografías tan elevado que non se permitise a súa completa exposición por motivos de espazo, o xurado do concurso encargarse de seleccionar un número apropiado.

9.º As fotografías presentadas ao concurso pasarán a ser **propiedade exclusiva da EME**, e non as poderá utilizar o autor/a noutros concursos ou publicacións. A EME poderá usalas para o que consideren oportuno. Nese caso, as fotografías utilizadas presentarán sempre unha referencia á súa autoría.

10.º A EME non se responsabiliza da **incorrecta manipulación** do material enviado por persoas alleas a esta institución ou por extravío do correo.

11.º A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases.

## Resolución do concurso

- 1.º O **xurado** estará formado por un fotógrafo/a profesional, un/unha docente do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, un/unha docente de Grao en Enxeñaría da Enerxía, un membro do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo e dous representantes do alumnado (un por cada grao impartido na EME).
- 2.º O **fallo do xurado** publicarase na sección do concurso na páxina web da EME ([minaseenerxia.uvigo.es](http://minaseenerxia.uvigo.es)) o día **30 de novembro de 2021**.
- 3.º A entrega de premios e o acto de inauguración da exposición temporal das fotografías terá lugar durante a celebración de Santa Bárbara, na primeira semana de decembro de 2021, a última hora da mañá, no vestíbulo da EME.
- 4.º O fallo do xurado será inapelable e publicitarase adecuadamente, podendo consultarse na sección do concurso en [minasenergia.uvigo.es](http://minasenergia.uvigo.es).
- 5.º O concurso fotográfico Enfoca\_Rme 2021 poderá anularse se non se presentan un mínimo de fotografías.
- 6.º O xurado rexeitará as fotografías que non cumpran o especificado nestas bases.

## Premios

Os premios do concurso serán os seguintes:

- Categoría sénior** (maiores de 16 anos)
- **Primeiro premio:** un cheque de 300 €
  - **Segundo premio:** un cheque de 150 €
  - **Accésit:** un cheque de 50 €

- Categoría júniior** (menores de 16 anos)
- **Primeiro premio:** un cheque de 150 €
  - **Accésit:** un cheque de 30 €

Cada participante recibirá un agasallo.

Os fondos destinados a estes premios irán con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Os premios estarán suxeitos á retención da porcentaxe de IRPF que corresponda.

## Máis información

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía  
Campus universitario  
36310 Vigo

Tel.: 986 814 077  
[eme@uvigo.gal](mailto:eme@uvigo.gal)